



Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ASOCIACIONES DE PADRES DE ALUMNOS DE CENTROS ESTATALES DE ENSEÑANZA AS BURGAS inscrita por Resolución 28/03/1979, correspondéndolle o nº 1979/000003-2 (OU) do Rexistro Provincial de Asociacións e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 11/10/2003, acordou a modificación dos seus Estatutos **ADAPTACIÓN A LEI 1/2002**.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpríuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.


RESOLVO

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.


Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; ou calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Ourense, 28 de xaneiro de 2004

A DELEGADA PROVINCIAL



Asdo.: María Sol Díaz Mouteira



CAPITULO SEXTO DA DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN PROVINCIAL

Artigo 36.- A Federación Provincial, constituíse por tempo indefinido, e disolverase polas seguintes causas:

1) Por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria, con voto favorable das duas terceiras partes dos delegados presentes.

2) Nos demais casos previstos pola Lei.

Artigo 37.- Acodada a disolución a Asamblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 38.- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a Outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

Artigo 39.- estes estatutos entrarán en vigor o día seguinte a súa aprobación.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMÓN. LOCAL
DELEG. PROV. DE OURENSE

A Asociación FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE APAS DE CENTROS ESCOLARES AS BURONS
foi inscrita no Rexistro Provincial nº 3
da sección 2
de VIABO
Ourense, 20 de xuño de 2004
A VENDO SERVIZO
[Signature]
[Signature]



acordos dos órganos de goberno.

- B) Firma-los pagos conxuntamente có Presidente e facelos efectivos.
- C) Elabora-lo balance e Presuposto.
- D) Visa-los cobros conxuntamente có Presidente.

E) Cantas outras actividades relacionadas cos recursos económicos da Federación Provincial; lle encomende a Xunta Directiva.

Artigo 32.- Corresponde os Vocais:

- A) Coordina-las áreas que lles poidan ser encomendadas pola Xunta Directiva.
- B) Manter informada a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral dos aspectos específicos que poidan serlles encomendados.

Artigo 33.- A Xunta Directiva da Federación Provincial poderase servir de asesores ou gabinetes de apoio, que presten axuda ou asesoramento nos asuntos que estime convinte. Non terán voto nas reunións.

CAPÍTULO QUINTO DOS RECURSOS ECÓNICOS

Artigo 34.- A Federación Provincial, crease sin patrimonio fundacional. Os recursos económicos procederán de:

- A) As cuotas ordinarias e extraordinarias a pagar polas Asociacións membros, fixadas pola Asamblea Xeral.
- B) As donacións, subvencións ou transmisións a título oneroso ou gratuito de calquer índole que se acepten por parte dos órganos competentes.
- C) Os rendimentos que poida produci-lo patrimonio propio.
- D) Calquer outro autorizado pola Lei.

Artigo 35.- O presuposto anual ordinario da Federación Provincial non excederá de 30.000 Euros. O exercicio económico coincidirá có ano natural. A Xunta Directiva, dará conta dos resultados económicos a Asamblea Xeral, na forma prevista nos presentes Estatutos.



Handwritten notes and signatures on the left margin:
- Vertical text: "Mun..."
- Signature: "David Vega"
- Other illegible handwritten marks and signatures.

asistentes.

Con carácter extraordinario a Xunta Directiva reunirse cando o decida o Presidente ou o soliciten un tercio dos membros do órgano. O Presidente convocará neste caso a reunión coa Orden do Día proposto polos directivos peticionarios nun prazo máximo de dez días.

Artigo 28.- Os acordos tomaranse por maioría simple de votos. En caso de empate de voto o voto do Presidente. O acordo de convocatoria de Asamblea Xeral, requirirá a presenza de, mínimo, a metade dos membros da Xunta Directiva.

Artigo 29.- O Presidente ten a representación legal e pública da Federación Provincial e poderá suscribir documentos públicos e privados previo acordo da Xunta Directiva. Asumirá as seguintes facultades:

- A) Convocará as reunións dos órganos de goberno e presidirá ditas reunións.
- B) Cumplirá os acordos dos órganos de goberno.
- C) Desenvolverá a xestión dos asuntos ordinarios.
- D) Abrir e cancelar contas nas entidades bancarias e de aforro, xunto co Tesoureiro, a nome da Federación Provincial. Solicitar préstamos coas limitacións e disposicións sinaladas nestos Estatutos e si fosen necesarios para o desenvolvemento económico da Federación.
- E) Extender e firmar os libramentos de pago necesarios, así como os talóns, cheques... etc., conxuntamente c6 Tesoureiro da Federación.
- F) Recibir subvencións ou axudas económicas en nome da Federación, de calquer Administración pública, entidades privadas, así como calquer outro ingreso que estea conforme coa lei.
- G) Recibi-las cuotas que se establezan para as APAs en Asamblea Xeral.
- H) E tódalas competencias que a lexislación vixente estableza.

Artigo 30.- Corresponde o Secretario:

- A) Elaborar e custodia-las Actas das reunións.
- B) Conservar e tramita-la documentación administrativa da Federación Provincial.
- C) Coordina-lo funcionamento da Xunta Directiva e das comisións que se poidan crear ó efecto.
- D) Costodia-los bens da Federación Provincial.

Artigo 31.-Corresponde o Tesoureiro:

- A) Recauda-las cotas da Federación Provincial, custodia-las e invertilas según os



C) Elaborar e presenta-los balances anuais, estado de contas, presupostos, memoria de xestión e proxecto de actividades da Federación Provincial.

D) Promove-las Asociacións de Pais e extender e desenvolla-la Federación Provincial.

E) Informar e asesorar ás APAs membros.

F) Cumpli-los acordos da Asamblea Xeral.

G) Cuantas outras funcións non estean encomendadas expresamente a Asamblea Xeral ou ésta lle encomende.

Artigo 24.- A Xunta Directiva da Federación Provincial estará integrada polo Presidente, Vicepresidente/s, Secretario, Tesoureiro e 3 vocais mínimo; que serán elixidos entre os pais de alumnos ou titores que pertencen a APAs asociadas, en Asamblea convocada o efecto.

Artigo 25.- A duración do mandato da Xunta Directiva será de dous anos.

O prazo de presentación de candidaturas terá como límite, en todo caso, quince días antes da realización da Asamblea, na sede social Dr. Fleming, 43-Sótano.

En caso de non presentación de candidaturas, e polo tanto, non sendo posible elixi-la Xunta Directiva, a Asamblea Xeral, deberá elixir de entre os seus membros cinco delegados que se constituirán en Comisión Xestora, có único obxectivo de convocar novas eleccións nun prazo non maior a tres meses.

Os membros da Xunta Directiva cesarán polos seguintes motivos:

A) Incurrir en algunha das incompatibilidades contempladas nos presentes Estatutos.

B) Por perda da condición de pai, nai ou titor de alumno membro dunha APA federada.

C) Pola non asistencia, sin xustificación fehaciente, a tres reunións consecutivas da Xunta Directiva ou cinco non consecutivas no período dun ano natural.

En caso de producirse vacante por calquer causa na Xunta Directiva, aquela cubrirase provisoriamente e deberá ser ratificada na seguinte Asamblea Xeral.

Artigo 26.- Será incompatible a pertenza a Xunta Directiva co exercicio de actividades públicas ou privadas que poidan producir conflito de intereses coa Federación Provincial a xuízo da Asamblea Xeral.

Tamén serán incompatibles coa súa pertencencia a Xunta Directiva da Federación Provincial, os cargos políticos da Administración educativa de calquer ámbito.

Artigo 27.- A Xunta Directiva reunirase una vez o mes no período do curso escolar, mediante convocatoria polo Presidente. A convocatoria comunicárase ós directivos de forma indubitable.

A Xunta Directiva declararase válidamente constituída cando en 1º convocatoria concurren a maioría absoluta dos membros, e no prazo de media hora calquera que sexa o número de



Artigo 20.- Os acordos da Asamblea Xeral adoptaranse c6 voto favorable da maioría dos delegados presentes.

Artigo 21.- As votacións efectuaranse a man alzada polos delegados presentes, se ben secreta sempre que o solicite a maioría dos delegados. En dito caso non será válido o voto de calidade do Presidente y se houberse empate deberase repeti-la votación.

Artigo 22.- Corresponde a Asamblea Xeral:

- A) Elexi-la Xunta Directiva.
- B) Aprobar e modifica-los Estatutos.
- C) Determina-las cuotas ordinarias e extraordinarias a satisfacer polas Asociacións membros.
- D) Aproba-la memoria anual.
- E) A adquisición, enaxenación de bens mobles, ben sexa a título oneroso ou gratuito.
- F) Ratifica-los contratos de alquiler suscritos pola Xunta Directiva se os houberse.
- G) Autoriza-la concertación de créditos e préstamos en cuantía superior a 3.000 Euros.
- H) Decidir sobor das liñas xerais de actuación da Federación Provincial e de calquer asunto concreto que poida plantexarse.
- I) Aproba-las contas de ingresos e gastos do balance anual.
- J) Aproba-la solicitude de declaración de utilidade pública.
- K) Aproba-la integración da Federación Provincial, nunha Confederación de ámbito autonómico e Estatal.
- L) Expulsión de Asociacións membros.
- M) Disolución da Federación Provincial.

-SECCIÓN SEGUNDA - XUNTA DIRECTIVA-

Artigo 23.- A Xunta Directiva é o órgano executivo e de xestión da Federación Provincial. As súas funcións son:

- A) Decidi-las convocatorias da Asamblea Xeral e fixar-lo Orde do Día.
- B) Desenvolve-la xestión ordinaria da Federación Provincial.



Handwritten signatures and initials on the left margin:
- A vertical signature on the far left.
- A signature that appears to be 'José V. V.' with a large flourish.
- A signature that appears to be 'Alfonso...' with a large flourish.
- A signature that appears to be 'Ynd...' with a large flourish.
- A signature that appears to be 'A. V. R.' with a large flourish.
- A signature that appears to be 'A. V. R.' with a large flourish.

E) Comunicar a Federación Provincial calquer cambio nos seus Estatutos, órganos de goberno e domicilio social.



CAPITULO CUARTO

ÓRGANOS DE GOBERNO DA FEDERACIÓN PROVINCIAL

Artigo 13.- Para o cumprimento dos seus fins a Federación Provincial rexirase polos seguintes órganos de goberno:

- Asamblea Xeral.
- Xunta Directiva.

-SECCIÓN PRIMEIRA - ASAMBLEA XERAL-

Artigo 14.- A Asamblea é o máximo órgano de representación e decisión da Federación Provincial e os acordos da mesma serán de obrigado cumprimento para tódolos seus membros. Estará constituída por 3 membros, que expresarán a súa opinión por medio dun delegado designado por cada APA membro, que a estes efectos expedirán as correspondentes credenciais. O nº de votos de que disporá cada APA será de 1. Para a adopción de acordos terase en conta os dos delegados presentes.

Artigo 15.- A Asamblea Xeral pode ser Ordinaria ou Extraordinaria e será convocada polo Presidente previo acordo da Xunta Directiva. Celebrarase unha Asamblea Ordinaria o ano no 1.º trimestre do ano natural na que se someterá a aprobación a memoria anual, o balance e as contas do exercicio anterior, presuposto para o seguinte e análise da xestión da Xunta Directiva. Igualmente se procederá a elección desta, na forma e tempo que establecen os presentes Estatutos e se debatirá o programa de actividades para o exercicio seguinte. Todos os demais asuntos serán motivo de Asamblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 16.- Será convocada Asamblea Extraordinaria por acordo da Xunta Directiva ou a petición formulada cuando menos por 1/3 das APAs federadas. Neste último caso procederase a formula-la petición por escrito, coa Orde do día que se propón.

Artigo 17.- A convocatoria de Asamblea Xeral comunicarase ás APAs membros mediante carta, cunha antelación mínima de 10 días, debendo consta-lo lugar, día e hora da reunión. Fixarase na convocatoria as horas de 1.º e 2.º convocatoria, debendo mediar entre elas, ó menos, un prazo de media hora.

Artigo 18.- A Asamblea Xeral quedará válidamente constituída sempre que concorran en 1.º convocatoria a maioría dos delegados, e en 2.º convocatoria, calquera que sexa o nº dos mesmos presentes.

Artigo 19.- A Mesa da Asamblea virá constituída pola Xunta Directiva da Federación Provincial.



B) Por incumplimento das obrigas económicas que deberán ser satisfeitas no trimestre do curso escolar.

C) Por realización de accións que perxudiquen gravemente os intereses da Federación Provincial, mala fé dolosa do seu actuar, fraude ou deslealdade, por causar graves danos ou desprestixio a asociación, por empregar o seu nome, local ou materiais para fins lucrativos propios e por desobediencia os acordos da Asamblea Xeral

D) Por incumprimento destes Estatutos.

Artigo 9º.- A expulsión de asociados será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asamblea Xeral.

Artigo 10º.- A APA que por calquer causa deixe de pertencer a Federación Provincial será responsable, na parte que lle corresponda, de cantas obrigas foran contraídas con anterioridade a súa separación ou expulsión. Así mesmo cando a baixa se produza a APA debe procede-lo aboamento previo de todas as cuotas pendentes.

CAPITULO TERCEIRO

DEREITOS E DEBERES DAS ASOCIACIÓNS MEMBROS

Artigo 11.- As APAs que se integren na Federación Provincial terán os seguintes dereitos:

A) Participar nos órganos de goberno da Federación na forma prevista nestes Estatutos.

B) Recibir tanta información sexa necesaria para o coñecemento das actividades da Federación Provincial.

C) A que se respete a súa autonomía, sin interferencias da Federación Provincial, salvo que ésta sexa requerida pola propia APA federada.

Artigo 12.- Son deberes das APAs federadas:

A) Non utiliza-la Federación Provincial con fines políticos de carácter partidista.

B) Cumpli-los Estatutos e os acordos dos órganos de goberno da Federación Provincial. Contribuír o sostemento económico da Federación Provincial satisfacendo a cuota regulamentaria fixada.

C) Comunicar anualmente a Xunta Directiva da Federación Provincial relación da Xunta Directiva.

D) Respetar-las competencias da Federación Provincial, abstendose de formular comunicacións no seu nome.



Vertical handwritten signatures and initials on the left margin, including names like 'Marta', 'Vas/Vas', 'J. J. J.', 'K.', 'Steig', and 'Autora RP'.

E) Promociona-la participación dos pais de alumnos a través das APAs nos órganos de goberno dos Centros Públicos e nos órganos de participación na administración educativa que a lexislación vixente determina.

F) Potencia-la cultura en Galicia.

G) Establece-las relacións coas Federacións de APAs da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Confederación Española de APAs (CEAPA) e así mesmo participar na Confederación Galega (CONFAPA).

H) Impulsa-la formación de pais de alumnos e o diálogo pais-profesores.



CAPITULO SEGUNDO

CONFIGURACIÓN, ADMISIÓN E EXPULSIÓN DAS ASOCIACIÓNS MEMBROS

Artigo 6º.- Poderán ser membros da Federación Provincial, tódalas APAs de ensino público legalmente constituídas en Ourense e que así o soliciten.

Artigo 7º.- Para integrarse na Federación Provincial presentarán unha solicitude por escrito, acompañando a mesma dos seguintes documentos:

A) Certificado ou copia da Acta da Asamblea Xeral favorable a solicitude de ingreso na Federación.

B) Copia dos Estatutos da APA, con nº de rexistro provincial da Asociación.

C) Relación nominal dos compoñentes da súa Xunta Directiva con expresión dos cargos que desempeñan na mesma, así como o domicilio social da APA.

D) Número de compoñentes da APA.

E) Localidade e comarca a que pertence.

F) No prazo de trinta días naturais, a Xunta Directiva da Federación Provincial acordará sobre a admisión da APA solicitante. Se o acordo fose negativo a APA poderá recurrir ante a Asamblea Xeral que se celebre, cuxa resolución deberá ser motivada e inapelable, e donde a APA solicitante deberá ser oída.

Artigo 8º.- Perderase a condición de membro da Federación Provincial nos seguintes supostos:

A) Bontade propia, mediante acordo tomado en asamblea Xeral, comunicado por escrito e certificado a Federación Provincial.



ESTATUTOS

CAPITULO PRIMEIRO

DENOMINACIÓN, FIN S, DOMICILIO E ÁMBITO



Artigo 1º.- A Federación Provincial de Asociacións de Pais de Alumnos de Centros Públicos "AS Burgas" de Ourense (en adiante, nestos estatutos denominarase Federación Provincial), estará formada por asociacións de pais de alumnos. Poderán ingresar na Federación as A.P.As. de distinta procedencia sempre que acepten os principios desta Federación, sinalados no capítulo segundo dos presentes estatutos.

1.1.- Procédese a adapta-los estatutos desta Federación Provincial, sen ánimo de lucro con nº 256 de rexistro nacional, nº 3 de rexistro provincial e C.I.F. G-32009037.

1.2.- Esta Federación rexerase polos presentes Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociacións e por cuanto determina a Constitución Española de 1987.

Artigo 2º.- A Federación Provincial está basada no principio de igualdade de tódalas A.P.As. que a integran.

Artigo 3º.- O domicilio principal da Federación Provincial é Rúa Doutor Fleming, 43-Sótano, 32080 Ourense; teléfono 988 24 13 51 e Apartado de Correos 591.

Poderanse utiliza-los locais sitos na Universidade Laboral, Av. Da Universidade s/n, A Cuña, 32005 (Ourense).

A Xunta Directiva terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio coma os outros locais, dando conta do seu acordo o organismo encargado do rexistro de Asociacións.

Artigo 4º.- A Federación Provincial en función dos seus fins e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Ourense.

Artigo 5º.- A Federación Provincial, como entidade sen ánimo de lucro ten por obxetivos:

A) Conseguir unha ensinanza de alta calidade, gratuita e que desenvolva a personalidade humana no respecto os principios democráticos de convivencia e ós dereitos e liberdades, ó amparo de canto determina a Constitución Española de 1978.

B) Coordina-las actuacións das APAs integradas en orde o mellor logro dos seus obxetivos.

C) Representa-las APAs ante tódalas Administracións públicas ou privadas.

D) Fomenta-la creación e o desenvolvemento das APAs promovendo e desenvolvendo as actividades necesarias, así como facilitando información e asesoramento as APAs federadas.

